

# ISM



## NO TEU PETO



Conectados contigo,  
esteas onde esteas



GOBIERNO  
DE ESPAÑA

MINISTERIO  
DE INCLUSIÓN, SEGURIDAD SOCIAL  
Y MIGRACIONES

SECRETARÍA DE ESTADO  
DE LA SEGURIDAD SOCIAL  
Y PENSIONES



INSTITUTO SOCIAL  
DE LA MARINA

# Táboa de contidos

|  |           |
|--|-----------|
| 1. Que é e cales son os obxectivos da app ISM no teu peto? ..... | <b>03</b> |
| 2. Como se obtén a app? .....                                    | <b>03</b> |
| 3. Como se accede á app? .....                                   | <b>04</b> |
| 4. Que podo facer coa app? .....                                 | <b>05</b> |
| 🏠 Inicio .....   | <b>05</b> |
| 📁 Ous meus documentos .....                                      | <b>06</b> |
| 🌐 Servizos .....   | <b>06</b> |
| 📋 Rexistro .....   | <b>11</b> |
| ✉️ Caixa do correo de consultas .....                            | <b>11</b> |

# 1.

## Que é e cales son os obxectivos da app ISM no teu peto?

É unha aplicación para dispositivos móbiles que permite ás persoas do sector marítimo-pesqueiro contar cunha canle máis de atención co Instituto Social da Mariña (ISM) e que facilita a realización de todos os trámites e xestións de forma rápida, sinxela e segura desde calquera lugar.

### OS SEUS OBXECTIVOS:

- ✓ Establecer unha canle permanente de comunicación personalizada sen desprazamentos ás oficinas do ISM.
- ✓ Habilitar unha administración electrónica completa.
- ✓ Utilizar os servizos dispoñibles no dispositivo móbil (correo, tenda, calendario...)
- ✓ Proporcionar unha ferramenta que permita resolver todos os trámites sen acudir a unha oficina.

# 2.

## Como se obtén a app?

A app ISM no teu peto está dispoñible para Apple en AppStore e para Android en GooglePlay. Podes descargar a app nas seguintes ligazóns:



# 3.

## Como se accede á app?

Pódese acceder cos seguintes medios de identificación electrónica:

SMS, Cl@ve permanente, Cl@ve móbil, Certificado dixital

A utilización dunha ou outra forma de identificación determinará as posibilidades de uso da app:

- 1 SMS:** non poderás acceder a todos os servizos que ofrece a aplicación, por exemplo, ao certificado médico de aptitude para o embarque ou á información sobre a formación marítima realizada. Tampouco poderás acceder se non tes cobertura de mobilidade, aínda que si teñas conexión a internet.
- 2 Cl@ve permanente:** poderás acceder a todos os servizos da app, salvo que non teñas cobertura de mobilidade, aínda que sí acceso a internet.
- 3 Cl@ve móbil,** ao non incluír sinatura, non permite acceder a rexistro. Sí poderás acceder ao resto de servizos. Neste caso, si poderás acceder aínda que non teñas cobertura de mobilidade, se tes conexión a internet, por exemplo, cando esteas embarcado se tes wifi no barco.
- 4 Certificado dixital:** poderás acceder a todos os servizos da app sempre que teñas cobertura de internet. Non é necesario que teñas cobertura de mobilidade.




# 4.

## Que podo facer coa app?

A app ISM no teu peto permíteche acceder á información que ten a Seguridade Social (SS) sobre ti, e tamén acceder aos distintos servizos e trámites en función da situación laboral que teñas no Réxime Especial de Traballadores do Mar (REM) (activo, pensionista, desempregado, etc.).

Ao acceder, o primeiro que aparece é unha pantalla cos avisos. Unha vez lidos podes pasar á pantalla inicial coa túa información persoal:



### Inicio

Accedendo ás tres liñas da dereita accederás á pantalla de Menú ISM, na que poderás activar ou desactivar a biometría, configurar a app elixindo o idioma así como optar a recibir avisos non obrigatorios. Ademais, inclúese a opción de Valoración da app e a posibilidade de comunicar incidencias ou mandar suxestións.



Na parte inferior da pantalla aparecen as iconas das distintas seccións da app. Ilumínase en azul aquela na que estás. Se pulsas nas iconas irás movéndote polas seccións.





## Ous meus documentos




Nesta sección podes gardar os teus documentos descargados desde os «Servizos» da app, Sanidade Marítima, Seguridade Social, Asistencia Sanitaria, Formación Marítima, Guía sanitaria a bordo e documentos persoais que nada teñan que ver cos asuntos anteriores nin coa aplicación e que descargues desde o teu móbil; poderás consultalos en calquera momento, aínda que non exista conexión a internet.



## Servizos



Aquí atoparás os servizos de **Sanidade Marítima**:

- ✓ Informes e certificados (certificado médico de aptitude para o embarque, informe médico, espirometría, electrocardiograma, análises, etc.). Poderás acceder a eles e descargaranse automaticamente na sección Os Meus Documentos.
- ✓ Guía sanitaria a bordo
- ✓ Localización dos buques hospitalais
- ✓ Empresas (axudas para caixas de urxencias)



A través desta última opción, as empresas poden acceder a solicitar a axuda para caixa de urxencias, contemplando a posibilidade de que o solicite a empresa en nome propio, un apoderado inscrito ou ben un representante.

Se accedes ao certificado médico de aptitude para o embarque e aínda non o asinaches, a través da app poderás facelo de forma sinxela e a túa sinatura biométrica incorporárase ao certificado.




## Servizos da Seguridade Social:

Aquí podes utilizar os seguintes servizos:

- ✓ **Simular a túa xubilación.**
- ✓ **Asistencia sanitaria:** podes consultar o dereito e acceder ao «certificado do titular» que se arquivará en Os Meus Documentos. Tamén podes solicitar a Tarxeta Sanitaria Europea e o Certificado Provisional Substitutorio.
- ✓ **Informes e certificados:** neste apartado pódense obter entre outros: o informe de vida laboral, o informe de Coeficiente Redutor (COE), o certificado integral de prestacións, o informe de bases de cotización, o certificado de estar ao corrente coa SS, os recibos emitidos para autónomos do REM, o Informe de datos identificativos e de enderezo, o Informe de situación actual do traballador, o Informe de datos de cotización do REM, o informe de alta laboral a data concreta e o certificado de retencións e ingresos a conta do IRPF, etc.


- ✓ **Fe de vida** (para pensionistas do ISM residentes no estranxeiro): pódese obter a ligazón a VIVESS, a app para realizar a acreditación de vivencia. Se a utilizas, poderás acceder aos documentos que se xeren, tamén a través da app ISM no teu peto.
- ✓ **Consulta de cálculos de cotas para o traballador**
- ✓ **Renuncia/prórroga de tarifa plana no REM**
- ✓ **Eliminación de altas/baixas previas no REM por conta propia**
- ✓ **Xestión de varias actividades no REM por conta propia**



## Servizos de Formación Marítima:

Aquí podes consultar:

- ✓ **Solicitud activa** para cursos de formación.
- ✓ **Caducidade** dos certificados de formación específica en atención sanitaria
- ✓ Información de **cursos realizados** (cualificación de apto)
- ✓ **Buscador de cursos** programados





### Servicios de cita previa:

- ✓ Reconeñemento médico de embarque marítimo
- ✓ Resto de trámites

### Servicios de localización de oficinas do ISM:

- ✓ Mapa
- ✓ Listado



### Servicio de notificacións electrónicas:


**Servicio de Revista Mar**, enlaza á páxina web da Revista Mar

**Servicio de información e li-gazóns de interese.** Permite consultar campañas divulgativas de Sanidade Maritima, Guías e información da Seguridade Social e ISMARINA publicacións.



## Rexistro

Mediante este servizo poderás presentar unha solicitude ou documento ao ISM a través do rexistro electrónico. Require acceder cunha identificación electrónica que incorpore sinatura. A aplicación pedirache que selecciones a categoría (certificado, pensións, prestacións ou subsidios, formación, etc.) e o trámite concreto, a provincia e un teléfono móbil. Feito isto, aparecerá outra pantalla de observacións e «achegar arquivo» para poder anexar o formulario de solicitude, unha vez cumprimentado e que previamente deberás ter arquivado no teu móbil.



## Caixa do correo de consultas

Con esta opción podes realizar unha consulta ao ISM indicando previamente a provincia e o asunto da devandita consulta. A resposta enviarase ao mesmo enderezo de correo que se facilitou.



# INSTITUTO SOCIAL DA MARIÑA


Páxina web



Sede Electrónica



Descarga a aplicación ISM no teu peto



## MINISTERIO DE INCLUSIÓN, SEGURIDADE SOCIAL E MIGRACIÓNS

Publicación incluída no programa editorial do Ministerio de Inclusión,  
Seguridade Social e Migracións (Real Decreto 829/2023, de 20 de novembro)

Nesta publicación utilízouse papel ecolóxico de acordo cos criterios  
ambientais da contratación pública.

<https://cpage.mpr.gob.es>

Nipo papel: 123-25-052-4

Nipo digital: 123-25-053-X

Depósito legal: M 25745-2025



GOBIERNO  
DE ESPAÑA

MINISTERIO  
DE INCLUSIÓN, SEGURIDAD SOCIAL  
Y MIGRACIONES

SECRETARÍA DE ESTADO  
DE LA SEGURIDAD SOCIAL  
Y PENSIONES



INSTITUTO SOCIAL  
DE LA MARINA